

REGULAMENTO

Para facer uso das instalacións e dos materiais da Biblioteca, os/as usuarios/-as deben ter en conta que esta é un espazo de convivencia. Por iso, é imprescindible respectar as seguintes normas:

- 1.- Está permitida a entrada a cans de asistencia que acompañen a persoas con discapacidade.
- 2.- Hai que falar baixo nas salas de lectura e de consulta.
- 3.- É preciso poñer en silencio os teléfonos móbiles. Pódense usar, en ton moderado, na entrada e nos corredores; quedan excluídos nas salas.
- 4.- Débense deixar na consigna: bolsas voluminosas-excepto maletíns ou mochilas con portátiles-, monopatíns, triciclos e calquera obxecto de gran tamaño.
- 5.- Está prohibido sacar da biblioteca calquera documento sen ter efectuado previamente a xestión do préstamo ou solicitado autorización expresa da Dirección.
- 6.- Hai que procurar respectar a orde e disposición dos andeis, depositando os libros nos lugares habilitados para iso.
- 7.- No caso de perda ou deterioro dalgún exemplar, hai que repoñelo.
- 8.- Permítese beber auga no recinto da biblioteca. Exclúense outras bebidas e comida, fóra do espazo reservado para o descanso na entrada.
- 9.- Hai que coidar e respectar as instalacións no seu conxunto, e o mobiliario e o material da biblioteca en particular.
- 10.- Non se admite a reserva de postos de lectura ou estudo.

11.- A Sala Infantil é para uso preferente de nenos e nenas menores de 14 anos. Os/as menores de 7 anos deberán estar acompañados/-as dun/dunha adulto/-a en todo momento.

DOCUMENTOS E LIGAZÓNS

Guía da biblioteca

public://documents/paxina/triptico_guia_biblioteca_galego-xullo_2016.pdf

Guía de préstamo

public://documents/paxina/triptico-prestamo_en_galego-revision_11_xullo_2016_coruna.pdf

<https://bibliotecas.xunta.gal/coruna/gl/regulamento>